

ENTROIDO 2024 OUTEIRO DE REI



A VOLTA O MUNDO EN 80 DÍAS





A VOLTA AO MUNDO EN 80 DÍAS


Mister Phileas Fogg é un acaudalado home que vive en Londres. Adoita visitar un clube onde se relaciona con xente da súa posición.

É precisamente neste clube onde fai a gran aposta en torno a que xira esta fermosa aventura.

Fogg afirma que el, acompañado do seu querido criado, é quen de dar a volta ao mundo en 80 días.

Fará unha aposta de 20.000 libras estarlinas, a metade de toda a súa riqueza.

É así, comeza unha chea de aventuras das que nos facemos eco.



A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



Viaxar en tren foi a opción que elixiu esta vez, por ser unha forma estupenda para viaxar, tendo tempo para escribir e pensar ben o seu itinerario a facer, ao longo destes oitenta días, ademais de poder desfrutar da paisaxe sen risco de distraerse.

Así parten de Londres cara **Edimburgo, capital de Escocia.**



ESCOCIA



A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



Cando baixan na estación Edimburgo, danse conta que están celebrando Os Xogos das Highlands escoceses, polo que a maior parte dos homes ian vestidos co Kilt, o vestido nacional mais famoso de Escocia.

Deciden por, a mesma vestimenta, e pasar desapercibidos, formando parte desta fermosa comparsa!




A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



Paseando por **Edimburgo**, descubren que adelantarán 7h se collen un globo aerostático como transporte, en lugar de coller barco, así poderán seguir co seu proxecto de recorrer o mundo en 80 días e recuperarían as horas perdidas dos distintos incidentes que tiveran en días anteriores.

Dito e feito, collen o globo con destino a **terras arxentinas**.



Océano Atlántico


Mar Cantábrico



A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



Cando chegan a **Arxentina** percátanse que sería interesante acudir a un salón de baile e ver o ben que os arxentinos se lles da o tango, e para ter algunha anécdota que contar, van a practiar o tango cun grupo de bailaríns que coñeceron en **Bos Aires, capital de Arxentina**.



Océano Atlántico

Mar Cantábrico



SOUTH ATLANTIC OCEAN

A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



En Bos Aires coñecen a un brasileiro co que fan moi boas migas. Os nosos protagonistas coméntalle o reto no que están metidos e este ánimaos visitar o seu país, **Brasil**, falándolles do entroido de Río de Xaneiro e da loita entre as escolas de Samba para ocupar un lugar importante na élite do entroido brasileiro.



A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



Viaxan por estrada e chegan a R o de Xaneiro e deciden vestirse de cariocas e desfrutar do entroido brasileiro!



cariocas



A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



É o momento de pensar si queren xa cambiar de continente ou se queren visitar algún país máis.

Chegan a conclusión de que non poden deixar o continente Americano sen visitar **México** e EEUU.

Así, deciden coller de novo o vapor e dirixirse primeiramente a **México**.



A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



Nada máis pisar terras mexicanas, son interceptados por unha banda de cuatros e lévanos secuestrados a unha fermosa casa de campo.

Alí presencian, como o grupo mexicano, desfruta con mariachis, mulleres e con tiros, pasando verdadeiro medo pola súa integridade física.

Fogg, fala co xefe da banda, e este explícalles que os teñen que reter alí, unha semana.

Enseguida se dan conta que pretenden arroinar o seu plan, polo que lle fai unha contraoferta e ofrécelle 4.000 pesos mexicanos, se os pasan a EEUU.



A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



Ignacio Parra, xefe dos cuatreros mexicanos, prepara e organiza a saída de Fogg e o seu axudante de México cara **Santa Mónica**, na costa **californiana**.

Irían misturados cun gran número de xente que deciden facer esta ruta 66, para visitar distintos lugares típicos da costa oeste americana.

Así chegan a Santa Mónica, coa intención de coller o vapor rumbo ao continente asiático.



A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



Nada máis atracar en **Yokohama**, deciden coller un yakatabune que é un barco tradicional de río que percorre **Tokio**, para ver a capital japonesa.

Desembarcan e son sorprendidos por unha comparsa de geishas japonesas que ían en forma de ritual, ao mesmo paso e con certa prontitude, adentrándose por un carreiro.



A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



Atrapados pola curiosidade, deciden seguilas e atópanse cunha sanguiñenta pelea entre samuráis, o que fai que saian fuxindo a fume de carozo, sen mirar atrás.



A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS




Co medo aínda metido no corpo, logo de descansar unhas horas, deciden coller o globo de novo, para dirixirse rumbo **Pekin**, capital de **China**, donde degustarán verdadeiros manxares que nunca esquecerán as súas papilas gustativas e que quedarán nas súas lembranzas para sempre.



ARROZ FRITO



ROLLITOS DE PRIMAVERA



INSECTOS Á BRASA

A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



Deciden visitar a comfortable cidade de Guilin, onde están as montañas sobre as que se asentan os campos de arroz Lóngji e alí ofrecen 1.000 Renminbis, a un de tantos arroceiros que se atopaban alí, para que os levase a **Nepal** para ir en dirección á **India**.



ARROCEIRO CHINO

A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



Chegado a este punto, cómpre dicir que o traxecto Nepal-India foi unha das viaxes que os nosos protagonistas lembran con máis nostalxia.

Nunha visita ao templo do sol de Konark, Orissa, escoitan como están a punto de sacrificar a unha fermosa princesa india.



Auda




O templo do sol

A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



Os nosos protagonistas non dubidan en rescatala para evitar o seu sacrificio.

Así é como Auda, se une a expedición convertíndose nunha intelixente compañeira de viaxes.



A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



Sabendo os perigos os que se expuxeron, os nosos protagonistas deciden viaxar rumbo Madagascar, coa idea de despistar aos indios que tentan matar a Auda.

Collen de novo un globo e contentos de despistar aos seus perseguidores poñen rumbo a **Madagascar**.



A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



Xa a piques de finalizar a súa aventura, decátanse que van moi ben de tempo, polo que deciden darlle unha sorpresa a Auda para tentar de animala.

Deciden asistir a un baile de disfraces na illa, onde tiñan que ir disfrazados de animais.

Alí, descubren un grupo de pingüíns que están continuamente observándoos... que está acontecendo agora?



A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



Efectivamente amigos, os hindúes estaban na festa tentando de coller a princesa, polo que os nosos amigos decidiron coller de novo o vapor e ir rumbo a **Kenia**.

Alí decidiron estar unha semana coa tribu dos masái, por ser moi hospitalarios e por atopar neste lugar o refuxio perfecto para esperar e partiren cara terras italianas.





A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS




Mortos de cansancio, son conscientes de que lles queda unha longa viaxe, de **Kenia** a **Italia**.

Fano a través do ferrocarril, ata que chegan ao norte de África onde deciden coller novamente o vapor.

Unha longa e tranquila travesía que aproveitan para descansar de tantas emocións, e así chegan a **Italia**, o país da bota.



DE KENIA A... ITALIA



A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



É neste país onde Auda descobre un novo mundo, un lugar onde non escasea a auga e onde as mulleres gozan e desfrutan de liberdades que ela non coñecía.

Desfruta dos praceres deste país, as viaxes en góndolas, a gastronomía, a arquitectura tan diferente a que ela coñece...





A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



A piques de rematar esta apasionada aventura, aos nosos protagonistas so lles queda visitar dous países para conseguir o reto inicial.

O seu próximo destino será **Portugal**, onde visitarán as fermosas e coñecidas feiras portuguesas, e aproveitarán para levar preciosos agasallos típicos do país. Alí atoparanse co persoeiros famosos e aínda terán tempo para visitar as zonas máis representativas do país.

Alí atoparanse con persoeiros famosos e aínda terán tempo para visitar as zonas máis representativas do país.



PORTUGAL



A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



Os nosos amigos chegan o remate do seu reto.

Deciden viaxar cara España, en globo, para ver a fermosa e variada paisaxe que podemos atopar neste país.

Desafortunadamente, desencadéase unha tormenta que provoca que algo falle, e tan pronto tocan terras españolas teñen que baixar. Levados polo vento, chegan a **Outeiro de Rei**.



A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



Nesta preciosa vila, anuncian a Fogg e os seus acompañantes que o reto foi conseguido e os lugareños e lugareñas da zona deciden facer unha gran festa.

Comeza así unha preciosa festa tradicional, de galegos e galegas que rinden homenaxe aos nosos amigos cun baile rexional galego!



A VOLTA AO MUNDO EN 80 DIAS



ENTROIDO 2024 OUTEIRO DE REI

fin

A VOLTA O MUNDO EN 80 DÍAS

